

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

- 837** *Real decreto 2/2010, do 8 de xaneiro, polo que se modifica o Regulamento xeral do mutualismo administrativo, aprobado polo Real decreto 375/2003, do 28 de marzo, en materia de incapacidade temporal e de risco durante o embarazo e durante a lactación natural.*

Este real decreto ten por obxecto modificar o capítulo VI do Regulamento xeral do mutualismo administrativo para adaptar o seu contido ao cambio legislativo operado pola disposición derradeira sétima da Lei 2/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2009 nos artigos 18 a 22 do texto refundido da Lei sobre seguridade social dos funcionarios civís do Estado, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2000, do 23 de xuño.

A reforma propónse non reiterar os contidos da norma legal e, por outra banda, tendo en conta que a lei nas súas modificacións non atribuíu especificamente o exercicio da potestade regulamentaria ao primeiro nivel, considerouse conveniente evitar a densidade normativa que supón recoller no Regulamento xeral do mutualismo administrativo a totalidade do desenvolvemento regulamentario, habilitando que determinadas cuestións da situación de incapacidade temporal sexan reguladas mediante orde ministerial. Esta decisión, con todo, de ningún xeito supón diminución do dominio propio do regulamento xeral, posto que a delimitación do ámbito en que operará a orde ministerial vén establecida polo propio real decreto, do cal a orde será desenvolvemento específico.

No plano dispositivo cabe destacar que houbo unha reordenación dalgunhas parcelas da materia que no actual regulamento xeral se tratan ligadas ao subsidio económico e que agora se vinculan á situación de incapacidade temporal como expoñente da nova filosofía que leva o control e seguimento da situación desde o seu inicio. A Mutualidade Xeral de Funcionarios Civís do Estado xa non só se ocupa do dereito económico ao seu cargo, senón que a súa orde de responsabilidade se amplía á continxencia no seu conxunto. Precisamente, respecto dos aspectos esenciais para a verificación da autenticidade da situación de incapacidade temporal no seu nacemento e duración, o novo tratamento normativo pretende ser particularmente rigoroso, clarificando os requisitos da dita situación e precisando os medios de acreditación do proceso patolóxico causante dela e o procedemento para a concesión da licenza por enfermidade como recoñecemento do dereito do afectado a acharse nela.

Finalmente, a modificación regulamentaria ocúpase dunha cuestión tan relevante como a protección social das mutualistas en situacións de risco durante o embarazo e durante a lactación natural, regulando a súa tutela en coherencia cos principios que emanan da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, e coas innovacións que esta propiciou no ámbito da acción protectora da seguridade social en xeral e no réxime especial da seguridade social dos funcionarios civís do Estado en particular.

Este real decreto foi sometido a informe do Ministerio de Política Territorial, do Ministerio de Traballo e Inmigración e da Axencia Española de Protección de Datos.

Na súa virtude, por proposta da ministra da Presidencia, co informe do Ministerio de Economía e Facenda, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do 8 de xaneiro de 2010,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Regulamento xeral do mutualismo administrativo aprobado polo Real decreto 375/2003, do 28 de marzo.*

O Regulamento xeral do mutualismo administrativo aprobado polo Real decreto 375/2003, do 28 de marzo, queda modificado nos seguintes termos:

Un. O capítulo VI queda redactado como segue:

«CAPÍTULO VI

Prestacións por incapacidade temporal e por risco durante o embarazo e durante a lactación natural

Sección 1.^a Incapacidade temporal

Artigo 88. Requisitos da situación de incapacidade temporal.

Os funcionarios incluídos no ámbito de aplicación do réxime especial da seguridade social dos funcionarios civís do Estado atoparanse en situación de incapacidade temporal cando, por causa de enfermidade ou accidente, acrediten a concorrencia simultánea das seguintes circunstancias:

- a) Padecer un proceso patolóxico por enfermidade común ou profesional ou por lesión por accidente, sexa ou non en acto de servizo, ou atoparse en período de observación por enfermidade profesional, que lles impida con carácter temporal o normal desempeño das súas funcións públicas.
- b) Recibir asistencia sanitaria para a súa recuperación, facilitada pola Mutualidade Xeral de Funcionarios Civís do Estado.
- c) Ter obtido unha licenza por enfermidade de acordo co procedemento establecido.

Artigo 89. Acreditación do proceso patolóxico.

1. O proceso patolóxico ou período de observación acreditarase mediante un parte médico de baixa, que será expedido por facultativo dependente da entidade ou, de ser o caso, do servizo público de saúde ao cal figure adscrito o mutualista para os efectos de asistencia sanitaria, e irá precedido dun recoñecemento médico que permita determinar obxectivamente:

- a) As limitacións da capacidade funcional do funcionario provocadas polo proceso patolóxico ou período de observación, e
- b) O carácter temporal da incapacidade que non xustifica a iniciación do procedemento de xubilación por incapacidade permanente para a función habitual.

2. O parte de baixa axustarase ao modelo oficial establecido por orde do ministro da Presidencia.

3. Os recoñecementos médicos de seguimento poderán dar lugar á expedición de partes sucesivos de confirmación da baixa, cuxa duración máxima e requisitos se establecerán na orde ministerial prevista no punto anterior.

4. Sen prexuízo do establecido nos anteriores puntos, e de acordo coa previsión a que se fai referencia no artigo 90.1 deste regulamento, a acreditación do proceso patolóxico ou período de observación poderá ser confirmada, de ser o caso, mediante as outras formas de asesoramento médico recollidas no dito artigo.

Artigo 90. *Concesión das licenzas.*

1. O órgano de persoal que sexa competente para expedir a correspondente licenza poderá acordar a súa concesión ou denegación a partir do asesoramento médico que o propio parte supón, así como do procedente:

a) Das unidades médicas que dependan ou presten a súa colaboración co citado órgano administrativo.

b) Do asesoramento facilitado pola Mutualidade Xeral de Funcionarios Cívís do Estado a través das unidades médicas de seguimento a que se refire o artigo 19.4 do texto refundido.

2. A concesión ou denegación da licenza inicial ou das súas posibles prórrogas porá fin á vía administrativa, de acordo co artigo 109.d) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. Con independencia do dereito á interposición do recurso procedente, nos casos en que se denegue a licenza por existir contradición entre o parte de baixa e o sentido do informe emitido polas unidades médicas que dependan ou presten a súa colaboración co órgano de persoal competente para expedir a licenza, o mutualista poderá optar, con comunicación ao dito órgano de persoal, por solicitar da Mutualidade Xeral unha valoración do caso polas unidades médicas de seguimento referidas no punto 1.b) anterior.

O resultado desta valoración terá carácter vinculante para a nova resolución que ditará o órgano de persoal, a cal, conforme a dita vinculación, confirmará a denegación da licenza ou revogará a resolución inicial, e procederá a conceder a licenza coa mesma data de efectos da resolución revogada. Contra a nova resolución poderase interpor o recurso procedente, sen que, en ningún caso, caiba instar unha segunda valoración médica.

4. A concesión da licenza inicial suporá o recoñecemento da situación de incapacidade temporal, con efectos desde o primeiro día da ausencia ao posto de traballo. A duración das sucesivas prórrogas da licenza vincularase en requisitos e tempos aos resultados dos recoñecementos médicos que se tomen en consideración para a concesión da prórroga.

5. A orde ministerial referida no artigo 89.2 deste regulamento establecerá, así mesmo, os termos e prazos aplicables á tramitación dos procedementos de concesión de licenzas e do exercicio de opción de valoración polas unidades médicas de seguimento.

Artigo 91. *Seguimento da situación de incapacidade temporal.*

1. O control e seguimento da situación de incapacidade temporal poderá ser exercido, en todo momento e en todo caso, polo órgano de persoal competente para expedir a licenza, mediante o asesoramento facultativo a que se refire o artigo 90.1 deste regulamento, ou calquera outro que o órgano de persoal xulgue conveniente.

2. No entanto, a Mutualidade Xeral poderá dispor que os funcionarios sexan recoñecidos polas unidades médicas de seguimento de forma periódica ou de acordo cos protocolos técnicos de risco e estándares de duración especificados para as distintas patoloxías, utilizados por estas unidades ou elaborados pola Mutualidade.

3. O resultado do recoñecemento médico, que trasladará a Mutualidade Xeral ao órgano de persoal competente para expedir a licenza, conterá un informe de control que se deberá pronunciar expresamente sobre todos os extremos que xustifiquen, desde o punto de vista médico, a necesidade de manter o proceso de incapacidade do mutualista afectado. Se o resultado do recoñecemento non confirma a existencia dun proceso patolóxico susceptible de xerar incapacidade ou houbese negativa infundada do mutualista a someterse ao recoñecemento requirido,

producirase a finalización da licenza ou das súas prórrogas e de todos os seus efectos económicos, e o mutualista deberase reincorporar ao servizo con independencia de continuar recibindo a asistencia sanitaria que precise.

Artigo 92. Duración e extinción da situación de incapacidade temporal.

1. A duración máxima da situación de incapacidade temporal derivada de enfermidade ou lesión por accidente e os períodos de observación por enfermidade profesional, incluída a das prórrogas que resulten procedentes, será a prevista no artigo 128 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social ou disposición que o substitúa.

2. O cómputo de prazos da duración máxima da situación de incapacidade temporal efectuarase conforme as normas que se establezan na orde ministerial prevista no artigo 89.2 deste regulamento.

3. En calquera momento en que se prevexa que a enfermidade ou lesión por accidente impida definitivamente o desempeño das funcións públicas e, en todo caso, antes de que se esgote a duración máxima a que se refire o punto 1 deste artigo, o órgano de xubilación competente iniciará, de oficio ou por instancia do interesado, o procedemento de xubilación por incapacidade permanente para o servizo.

4. O dereito ao recoñecemento da situación de incapacidade temporal extinguirase:

- a) Pola finalización da licenza por enfermidade que estiver en curso, ou das súas prórrogas.
- b) Pola declaración de xubilación por incapacidade permanente para o servizo.
- c) Pola xubilación forzosa ou voluntaria do funcionario.
- d) Polo falecemento do funcionario.
- e) Polo inicio dunha nova situación de incapacidade temporal.
- f) En todo caso, polo esgotamento da duración máxima a que se refire o punto 1 deste artigo.
- g) A incomparecencia inustificada aos recoñecementos médicos a que se refiren os artigos 90 e 91 deste regulamento.

5. Cando a situación de incapacidade temporal se extinga polo transcurso do prazo máximo establecido no parágrafo primeiro do artigo 131.bis.2 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social ou disposición que o substitúa, procederase ao exame da situación de incapacidade temporal do funcionario nos termos, prazos e condicións establecidos no artigo 20.4 do texto refundido.

6. Para os efectos da declaración de xubilación por incapacidade dos funcionarios mutualistas nos procedementos que se sigan para tal fin, por orde do ministro da Presidencia, por proposta conxunta dos ministerios de Economía e Facenda e da Presidencia, estableceranse as normas específicas de coordinación entre a Mutualidade Xeral, as unidades médicas de seguimento ou de valoración de incapacidades e os órganos de xubilación respecto da realización dos correspondentes recoñecementos médicos e da emisión do consecuente ditame polos citados equipos para a determinación da existencia da incapacidade permanente e, de ser o caso, para a fixación do seu grao.

Artigo 93. Denegación, anulación e suspensión da situación de incapacidade temporal.

1. O dereito ao recoñecemento da situación de incapacidade temporal poderá ser denegado, anulado ou suspendido:

a) Cando o beneficiario actúe fraudulentamente para obter ou conservar o dereito á prestación económica.

b) Cando o beneficiario realice calquera traballo ou actividade por conta allea ou por conta propia.

2. Tamén poderá ser suspendido o dereito ao recoñecemento da dita situación cando o beneficiario, sen causa razoable, rexeite ou abandone o tratamento que lle foi indicado.

3. Nestes casos, a Mutualidade Xeral e os órganos de persoal competentes para expedir a licenza daranse traslado, reciprocamente, das resolucións adoptadas nos seus respectivos ámbitos de decisión, para todos os efectos que puideren proceder.

Artigo 94. *Prestación económica.*

1. Na situación de incapacidade temporal, o funcionario terá os seguintes dereitos económicos:

a) Durante o primeiros tres meses, a totalidade das retribucións básicas e das retribucións complementarias do funcionario na mesma contía que lle correspondería en cada momento no seu posto de traballo se non se atopase en situación de incapacidade temporal.

b) A partir do cuarto mes, e mentres dure esa situación, terá dereito á percepción das retribucións básicas que lle corresponderían en cada momento no seu posto de traballo se non se atopase en situación de incapacidade temporal, da prestación por fillo a cargo, de ser o caso, e a un subsidio por incapacidade temporal a cargo da Mutualidade Xeral de Funcionarios Civís do Estado, de contía fixa e invariable, que se calculará de conformidade co establecido neste regulamento e nas súas normas de desenvolvemento.

2. Para os efectos do establecido neste artigo, de conformidade co artigo 21.2 do texto refundido, as remuneracións que percibirá o funcionario, ás cales se refire o punto anterior, aboaranse con cargo aos mesmos conceptos orzamentarios polos que se viñan percibindo.

3. O dereito á prestación económica por incapacidade temporal extinguirase cando se dea algunha das causas establecidas no artigo 92.4 deste regulamento. Así mesmo, denegarase, anularase ou suspenderase cando se dea algunha das causas establecidas no artigo 93 deste regulamento.

Subsección única. Subsidio por incapacidade temporal

Artigo 95. *Beneficiarios, nacemento, duración e extinción do subsidio.*

1. Son beneficiarios do subsidio por incapacidade temporal os funcionarios mutualistas que, atopándose na dita situación, teñan acreditado un período de cotización de seis meses, salvo que teñan cuberta esta continxencia por outro réxime de seguridade social, organismo ou institución, pola mesma relación de servizos.

2. O dereito ao subsidio por incapacidade temporal nace a partir do día en que finalice o prazo de tres meses desde o inicio da situación de incapacidade temporal.

3. O subsidio aboarase mentres o beneficiario se atope en situación de incapacidade temporal e durante a prórroga dos efectos desta situación, sempre que reúna os requisitos exhibibles para a súa percepción. Así mesmo, extinguirase nos casos previstos no artigo 92.4 deste regulamento, e denegarase, anularase ou suspenderase nos casos previstos no artigo 93.

Artigo 96. *Contía do subsidio.*

1. A contía do subsidio por incapacidade temporal será fixa e invariable mentres dure esa situación e consistirá na maior das dúas cantidades seguintes:

a) O 80 por cento das retribucións básicas (soldo, trienios e grao, de ser o caso), incrementadas na sexta parte dunha paga extraordinaria, correspondentes ao terceiro mes de licenza.

b) O 75 por cento das retribucións complementarias percibidas no terceiro mes de licenza.

2. Para o cálculo deste subsidio teranse en conta a contía e a estrutura das retribucións dos funcionarios da Administración pública correspondente, de conformidade co disposto nos artigos 22, 23 e 24 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, e na Lei de orzamentos vixente en cada momento.

3. O cálculo do subsidio efectuarase conforme as normas que se establezan na orde ministerial prevista no artigo 89.2 deste regulamento. En calquera caso, a contía íntegra do subsidio considerada en cómputo mensual, sumada ás remuneracións que o funcionario siga recibindo con cargo ao seu destino, consideradas nas contías que teña acreditadas no terceiro mes da situación de incapacidade temporal, non poderá exceder as percepcións totais íntegras percibidas e imputadas ao terceiro mes de licenza.

4. No entanto, de acordo coa súa normativa reguladora, non se terán en conta para o cálculo do subsidio:

a) As gratificacións por servizos extraordinarios previstas no artigo 24.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público.

b) A indemnización por residencia regulada no Decreto 361/1971, do 18 de febreiro, e no Real decreto 3393/1981, do 29 de decembro.

c) As indemnizacións por razón do servizo a que se refire o Real decreto 462/2002, do 24 de maio.

Artigo 97. *Pagamento do subsidio.*

1. O pagamento do subsidio por incapacidade temporal será por conta da Mutualidade Xeral, logo de certificación das retribucións do funcionario pola habilitación correspondente, sen prexuízo da posibilidade de que aquela lle encomende a xestión do pagamento do subsidio ao órgano para o cal preste servizo o funcionario, de conformidade co disposto no artigo 21.4 do texto refundido.

2. No caso de levar a efecto a encomenda de xestión a que se refire o punto anterior, corresponderalles aos ministerios de Economía e Facenda e da Presidencia aprobar os termos da súa formalización, incluído o procedemento e os prazos de liquidación do crédito resultante a favor da Administración pagadora do importe do subsidio fronte á Mutualidade.

3. Con carácter xeral, e sen prexuízo do que se dispoña para o cálculo do subsidio, o pagamento efectuarase por mensualidades naturais, con independencia da data en que se materialice a orde de pagamento pola Mutualidade Xeral, ou órgano que o teña encomendado.

Artigo 98. *Réxime de incompatibilidades do subsidio por incapacidade temporal.*

1. O subsidio por incapacidade temporal con cargo á Mutualidade Xeral será único e incompatible con calquera outro que se poida xerar pola mesma relación de servizos con cargo a calquera réxime público de seguridade social.

2. Aplicaranse, para os efectos de incompatibilidades, as prescricións efectuadas respecto da incapacidade temporal no artigo 5.2 da Lei 35/1995, do 11

de decembro, de axudas e asistencia ás vítimas de delitos violentos e contra a liberdade sexual.

Sección 2.^a *Situacións de risco durante o embarazo e durante a lactación natural*

Artigo 99. *Situacións protexidas.*

1. Para os efectos das prestacións económicas por risco durante o embarazo e por risco durante a lactación natural, consideraranse situacións protexidas aquelas en que se atopa a muller funcionaria, incluída no ámbito do mutualismo administrativo, nos supostos en que, debendo cambiar de posto de traballo por outro compatible co seu estado, nos termos previstos nos puntos 3 e 4, respectivamente, do artigo 26 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, ese cambio de posto non resulte regulamentaria, técnica ou obxectivamente posible ou non se poida razoablemente exixir por motivos xustificadas.

Estas situacións terán a mesma consideración que a situación de incapacidade temporal derivada de enfermidade profesional, cos efectos previstos nos artigos 58.2 e 76 deste regulamento.

2. Non se considerarán situacións protexidas as derivadas de riscos ou patoloxías que poidan influír negativamente na saúde da mutualista embarazada e/ou na do feto, ou na saúde da mutualista e/ou do fillo ou filla lactante, cando non estean relacionadas con axentes, procedementos ou condicións de traballo do posto ou actividade desempeñados.

3. A concesión e o seguimento das licenzas e das súas prórrogas ás mutualistas que se atopen na situación de risco durante o embarazo e a lactación natural rexeráse, con carácter xeral, polo disposto nos artigos 90 e 91 deste regulamento. A orde ministerial prevista no artigo 89.2 deste regulamento determinará os medios de acreditación destas situacións de risco e disporá tamén a aprobación dos modelos de parte de baixa inicial e de prórroga concernentes a elas e as especificidades relativas ao procedemento e á cadencia na emisión dos partes e informes médicos.

Artigo 100. *Extinción, denegación, anulación e suspensión das situacións de risco.*

1. O dereito ao recoñecemento das situacións de risco durante o embarazo e durante a lactación natural finalizará cando conclúa a última licenza por unha ou outra continxencia, por darse algunha das seguintes causas:

a) Risco durante o embarazo:

1. Comezo do permiso por parto recollido no artigo 49 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público.

2. Incorporación da funcionaria á súa función habitual ou a outra compatible co seu estado.

3. Interrupción do embarazo.

4. Falecemento da beneficiaria.

5. Calquera outra causa das establecidas no artigo 92.4 deste regulamento que foren aplicables a esta situación.

b) Risco durante a lactación natural:

1. Interrupción da lactación natural.

2. Falecemento da beneficiaria ou do lactante.

3. Cumprimento polo fillo ou filla da idade de nove meses.

4. As causas previstas nos números 2.º e 5.º da alínea a) anterior.

2. O dereito ao recoñecemento da situación de risco durante o embarazo e durante a lactación natural poderá ser denegado, anulado ou suspendido polas causas establecidas no artigo 93 deste regulamento.

Artigo 101. *Prestación económica.*

1. Nas situacións a que se refire esta sección, os dereitos económicos en toda a duración da licenza serán os establecidos no artigo 94 deste regulamento coa particularidade establecida no artigo 22.4 do texto refundido respecto da contía do subsidio.

2. O dereito á prestación económica por risco durante o embarazo ou durante a lactación natural extinguirase cando finalice a situación que motiva a súa percepción, de acordo co establecido no artigo 100 precedente, e poderá ser denegado, anulado ou suspendido polas causas establecidas no artigo 94.3 deste regulamento para a prestación económica por incapacidade temporal.

3. Son incompatibles entre si as prestacións económicas por incapacidade temporal, por risco durante o embarazo e por risco durante a lactación natural. No caso de que, mentres se está a percibir unha destas prestacións, se solicite unha nova, non procederá o recoñecemento do dereito a esta ata que se extinga a situación existente por calquera das causas legal ou regulamentariamente establecidas.

4. Respecto do pagamento do subsidio por risco durante o embarazo e durante a lactación natural será de aplicación o disposto no artigo 97 deste regulamento.»

Dous. Engádese unha disposición adicional décima coa seguinte redacción:

«Disposición adicional décima. *Tratamento e cesión de datos de saúde necesarios para o recoñecemento das prestacións económicas do réxime do mutualismo administrativo e confidencialidade destes datos.*

1. O tratamento e cesión dos datos de saúde necesarios para o recoñecemento das situacións que dan dereito ás prestacións económicas do réxime do mutualismo administrativo atoparanse sometidos ao disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. Non será preciso o consentimento do interesado nos supostos en que o dito tratamento e cesión sexan necesarios para o recoñecemento das prestacións nos termos establecidos no texto refundido.

2. A Mutualidade Xeral poderá obter directamente das institucións ou entidades sanitarias, cuxa información resulte relevante para o recoñecemento a que se refire o punto anterior, os datos do interesado que sexan adecuados, pertinentes e non excesivos en relación coa dita finalidade, así como para o control, o seguimento e a xestión das prestacións económicas recoñecidas.

3. Os datos de saúde non poderán ser utilizados para fins distintos dos mencionados. Garantírselles aos interesados o seu dereito á información sobre o tratamento de que van ser obxecto os datos que lles concirnen e da súa finalidade.»

Tres. Engádese unha disposición adicional décimo primeira coa seguinte redacción:

«Disposición adicional décimo primeira. *Procedemento informático para o control, seguimento e xestión das situacións de incapacidade temporal e de risco durante o embarazo ou durante a lactación natural.*

A Mutualidade Xeral establecerá un sistema de control e seguimento da situación de incapacidade temporal e das situacións de risco durante o embarazo ou de risco durante a lactación natural baseado no procedemento informático para a obtención e o tratamento dos datos contidos nos partes de baixa para esas situacións, que estará dotado das medidas de seguridade de nivel alto establecidas nos artigos 101 a 104 do

Regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, aprobado polo Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro. Así mesmo, o procedemento informático facilitará a xestión dos subsidios por incapacidade temporal, risco durante o embarazo e durante a lactación natural.»

Catro. A disposición transitoria única pasa a ser a disposición transitoria primeira coa mesma redacción.

Cinco. Engádesse unha disposición transitoria segunda coa seguinte redacción:

«Disposición transitoria segunda. *Contía e estrutura das retribucións para o cálculo do subsidio por incapacidade temporal.*

Ata que entren en vigor as leis de función pública que se diten en desenvolvemento do Estatuto básico do empregado público, cantas referencias se conteñan neste regulamento aos artigos 22, 23 e 24 deste estatuto se entenderán feitas con efectos da vixencia das citadas leis. En consecuencia, ata que se produza a dita vixencia, para o cálculo a que se refire o artigo 96.2 deste regulamento teranse en conta a contía e estrutura das retribucións dos funcionarios da Administración correspondente conforme a súa actual normativa en materia de función pública e Lei de orzamentos.»

Disposición derogatoria única. *Alcance da derogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do previsto no artigo 149.1.17.^a da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre o réxime económico da seguridade social.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación regulamentaria.*

Autorízase a ministra da Presidencia para ditar cantas disposicións sexan necesarias para a aplicación do establecido neste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», salvo os artigos 90.1.b), 90.3, 91.2 e 91.3 do Regulamento xeral de mutualismo administrativo, conforme a redacción dada por este real decreto, que o farán o 1 de xullo de 2010, e a nova disposición adicional décimo primeira do regulamento, que o fará o 5 de abril de 2010.

Dado en Madrid o 8 de xaneiro de 2010.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno
e ministra da Presidencia,
MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ